

Dos peiraos ás tres columnas

AS MULLERES DA MOUREIRA

O sal. A pesca. A venda do peixe. A vía do tren. As pontes do Burgo e da Barca. As fábricas de conservas. Os alcumes familiares. A praza de touros con redes e roupa a secar. As casas con chabola e salgadoiro. A prostitución. O río Gafos. Os alfolíns. As Casas de Outón. Os peiraos das Corbaceiras. A punta do Morro e a Puntada. As fondas de bo xantar. A casa de Baño da señora Charo Fonseca. Disto falan as mulleres que viviron na Moureira na primeira metade do século pasado, antes de que o barrio deixara de “mirar” ao mar e parara o seu latexar de salitre.

A Moureira procede do mar como o seu nome da *salmoira*; técnica empregada na salgadura do peixe. Intimamente ligados, o barrio, a veciñanza e o mar gardan unha confianza forxada ao longo de séculos de relación. Este vínculo foi especialmente rico ao comezo da Época Moderna (séc. XVI), cando a intensa actividade derivada da pesca e da vida portuaria da Moureira conseguiron situar Pontevedra como o núcleo urbano máis importante, rico e populoso de Galicia.

Co tempo, a prosperidade foi minguando e xa a finais do séc. XIX un traballo do censo sitúa o nivel de renda máis baixo da cidade de Pontevedra (25 pesetas) na Moureira, xa deprimida e depauperada.



Este barrio humilde, que medrou de xeito caótico e desordenado abrazando a liña de costa desde a ponte do Burgo até o río Gafos, divídese historicamente en tres zonas: A Moureira de Arriba -preto da ponte do Burgo-, a da Barca -no medio, punto máis estreito e onde se ergueu a ponte do mesmo nome- e A Moureira de Abaixo ou Corbaceiras.

Máis de medio século despois que o arrabalde de Pontevedra perdera o seu carácter mariñeiro, restan só os libros e a memoria dalgunhas persoas para dar conta da sociedade establecida entre mulleres, homes e mar.

A VIDA NON PARABA NUNCA

“A vida, non paraba nunca [...] Os homes ían ao mar coa pesca, arranxaban as redes, limpaban peixe” (J.B.G., A Moureira). E as mulleres... as mulleres pódese dicir que se ocupaban do demais: de vender o peixe, do traballo nas terras, nalgunhas das fábricas e alfolíns do barrio, do coidado da casa e a familia.

Xa desde nenas comezaban a colaborar nos traballos cotiáns combinando a asistencia á escola, as que podían ir. Así, era habitual velas, nenas, nos lavadoiros do río Gafos, no inicio do proceso de coidado da roupa, que incluía lavala, clareala, regala, deixala secar e, se fose preciso, claro, remendala. Un dos lavadoiros máis coñecidos era o da señora Francisca. Outro, o do Peilán, chamado Juan Novás. As mulleres pagaban por usalo e non todos os postos valían o mesmo: eran máis caros os da parte de arriba onde a auga estaba máis limpa.

Pero, sen dúbida, unha das cousas máis habituais entre as que foron nenas na Moureira era que desde moi novas, incluso con 9 anos, ían vender o peixe. Facíano en compañía doutras mulleres da familia e delas ían aprendendo a vender e a relacionarse coa clientela para, co tempo, seguir co oficio.

Pero aínda son nenas ou mozas e “a vida non para”, por iso tamén axudan a encascar o aparello de pesca.

“Cando nós éramos rapazas axudábamos moito aos mariñeiros, porque nós éramos pequenas pero facíamos moito... aínda que non é que traballamos un traballo moi pesado” (J.B.G., A Moureira).

Carrexaban auga coa que encher alxibes nos que ferver cáscara de pino até desfacerse e crear así a tinguidura castaña na que mergullar o aparello e “*cos pés, a machacar, a machacar, a machacar cos pés o aparello*”.

“Os mariñeiros despois tiraban por el e había que levalo nun carro a secar á Punta do Morro, onde agora está o porto[...] Os rapaces axudábamos a estiralalo e había que despois movelo; chámanlle palmeaar. [...] Nós encantados. E tiñamos as pernas tiñidas. E despois botábamonos alí no río a lavar as pernas” (J.B.G., A Moureira).



Bañarse nun mar que hoxe se pregou ao cemento da cidade era un dos grandes praceres que tiñan as nenas e nenos da Moureira. A auga chegaba ao pé das casas e a veciñanza convivía con ela e tamén coas mareas vivas, que entraban nalgunha das bodegas e tabernas do barrio, deixando as cadeiras a aboiar. Estas fondas e tabernas era outro dos lugares no que as mulleres ocupaban un espazo sinalado. Xestionaban, servían pero sobre todo cocían con xeito e moi boa materia prima, marisco e peixe, o que atraía xente incluso de Portugal, Madrid e Barcelona.

AS PESCONTINAS DE PONTEVEDRA

Porén, se houbo un oficio estendido entre as mulleres da Moureira a comezos do século XX foi o de pescantina. Así se denominan aquelas que venderon na praza de Pontevedra; un xeito de distinguirse e referirse a si mesmas que consideran máis refinado que o de vendedora de peixe ou peixeira.

A maioría delas viñan dunha tradición familiar de mar, da venda de peixe nas prazas, nas feiras e durante as tardes, coas cestas na cabeza, polas fondas e restaurantes da cidade. Normalmente este traballo facíase en compañía doutras mulleres da familia. Tamén en colectividade se realizaban outros procesos fundamentais que deron identidade ao día a día da Moureira: a limpeza e a conservación do peixe mediante a salgadura ou o afumado -métodos fundamentais para manter o peixe antes de que chegara o frío e o xeo-.

As mulleres que vendían o que se pescaba na ría de Pontevedra aproveitaban o quiñón ou mercaban peixe nas poxas da praza ou do peirao. Da paisaxe do peirao tamén formaban parte as leiteiras de aldeas como Santa María de Xeve, que se encargaban de levar o peixe no camiño de volta.

Tamén había atadeiras.

“As que armaban os aparellos de pesca, o que máis os de cerco de xareta. Os homes que tamén armaban, pero elas, mentres os homes ían ao mar, quedaban na chabola e reparaban todos os aparellos que ían rompendo” (J.B.G., A Moureira).

Montaban os aparellos en base a panos de rede xa feita que se mercaban e conseguían converter nunha ferramenta útil para levar a faenar. Despois arraxábanas, cando volvían maltreitas dun día no mar. A punta do Morro, nas Corbaiceiras, era un lugar habitual de traballo.

Tamén lle chamaban as chaboleiras, extensión da acepción de chabola como nome dos baixos das casas nos que traballaban; e chegou a haber 12 chabolas na



Moureira. Elas eran tamén as encargadas de sacar os aparellos do mar, coa auga, a lama e o frío.

A SALMOIRA NA PEDRA

Contan as mulleres da Moureira que a pedra e o sal non se levan ben; que os salgadoiros e alfolíns do barrio e incluso as casas adxacentes tiñan as paredes deterioradas polo efecto corrosivo do sal acumulado tras anos e anos de contacto.

Isto padecérono de especial xeito as casas da zona de San Roque de Abaixo; tiñan semisoto cunha gran porta cara ao río e planta baixa cara á rúa traseira que servía de almacén para os aparellos de pesca e de salgadoiro.

A salgadura do peixe foi a industria básica na Moureira durante moito tempo, até que chegou o xeo para conservar o peixe sen precisar deste proceso lento e esforzado. Esta actividade foi desenvolvida tanto a nivel profesional como particular, e é que na Moureira case todo o mundo salgaba ou sabía facelo, aínda que eran as vendedoras de peixe as principais encargadas.

“Miña nai, e como miña nai todo o barrio, que andaba nesa cousa, pois facían... Mira, primeiro había que comprar o xurelo. Viñan os barcos e xa botaban o xurelo no muelle, e se abría. Eu me metía no mar ata aquí, en inverno, bueno, estoucho contando da miña época, ata a cintura, en pleno inverno, a lavar os xurelos nas cestas, botaban nas cestas, unha cesta ten buxeiros, lavabas e ibas quitando, todos así.” (J.B.G., A Moureira).

O proceso, malia sinxelo, requiría paciencia e destreza: preparábase a salmoira, un combinado equilibrado de auga e sal. Nela introducíase o peixe -o máis común, os xurelos- e deixábanse alí 2 ou 3 días. Despois había que lañalos e deixalos secar 3 ou 4 días ao aire libre até que quedaran como paus. Recordan aínda as rúas e escaleiras do barrio cubertas de peixe sobre palla ou cáscaras de pino que se collían na Caeira. Os nenos e nenas eran os encargados de coidar que as gaivotas non peteiraran neles ou de gardalos se viña a chuvia. A maioría do que se facía era para vender. As mulleres levábano á praza de Pontevedra pero tamén ían ás feiras. “Miña nai iba á feira de Pontecaldelas e teñen ido andando. Dez quilómetros que hai. E marchaban ás seis da mañán e se turnaban a levar na cabeza as cousas”. (J.B.G., A Moureira)

NAS FÁBRICAS E NEGOCIOS

No barrio houbo tamén fábricas e negocios varios, xurdidos case todos ao abeiro da actividade mariñeira. En moitas delas traballaron mulleres, como no caso da fábrica de xeo A Polar, a tinturería ao pé do río Gafos -recordada por ser



onde se levaba a enloitar a roupa-, na de gaseosas Feijoó, a conserveira Urzal ou a importadora de madeira Fonseca, a onde chegaban galeóns de todo o mundo.

Máis sen dúbida, Carrascal é un dos principais negocios dos que existe memoria viva. A súa actividade era o comercio do sal, que descargaban no peirao das Corbaceiras os galeóns procedentes de diferentes lugares. Pero, ademais, tamén traballaba con carbón e tellas.

Alí traballaron tanto homes como mulleres, nun incesante ir e vir de barcos de mercadorías que descargar, almacenar e repartir pola cidade nos camións “super-viventes” da guerra ou a pé, cos muñicos na cabeza; todo polo xornal.

En Carrascal os homes adoitaban ter o posto de encargados mentres que as mulleres facían o traballo físico de descargar os barcos -din que facían falta 30 mulleres para descargar un barco- co corpo, só axudadas de pas. Algunhas traballaban como empregadas, mentres que outras mulleres e incluso mozas “baixaban” só cando chegaban os barcos para “axudar” a descargar e gañar uns cartos, que boa falta facían.

“Eu quixen ir a descargar para ganar para un gabán. Era unha mociña. Pero miña nai non me deixaba ir descargar, que había outras que ían”. (R.D.F, A Moureira).

“Poñíase todo o barrio a descargar”. Ían con muñicos na cabeza, cargados de sal que estaba húmida, cando non mollada. A auga escorregaba pola cabeza e costas das mulleres por iso poñían sacos na cabeza que cubrían tamén as costas. Para facer o traslado da mercadoría ían por unhas pasarelas estreitas de madeira que unían o barco co propio almacén de Carrascal nun tránsito incesante; “unhas ían e outras viñan”. Unha vez se chegaba a Carrascal botábase alí o sal a oito.

A DE ARRIBA

Este percorrido polos oficios e traballos das mulleres na Moureira non pode finalizar sen pasar pola Moureira de Arriba, nun lugar de “alegría, troula e despreocupación”, segundo recorda o veciño e escritor Sabino Torres. Nesta zona mulleres vidas de diferentes lugares exercían a prostitución. O mar, a guerra e a minaría do volframio fornecían boa parte da clientela.

Primeiro estiveron asentadas no canellón do Ouro e Fonte da Moureira de Xan Guillerme e co derrube das murallas da cidade pasaron ao Campo do Boi até finais dos ‘50, cando a actividade se desprazou de novo a outras áreas da cidade. Alí traballaban en salóns, na rúa ou en pisos, pola súa conta ou para as amas, como era o caso dun dos prostíbulos de máis sona, a casa das Tres Columnas.



“A raíz da guerra” o barrio cambiou moito. Foron marchando os mariñeiros. Hóu-boos que casaron fóra, outros marcharon para Brasil ou Venezuela. “*Buscaron vida, porque iso era unha cousa que francamente se iba a acabar, quedaron catro vellos e, claro, catro vellos... non facían nada.*” (J.B.G., A Moureira). Así, coa marcha de xente agudizouse a falta de remuda xeracional, o que deu lugar a un cambio profundo no modelo de vida e a un novo urbanismo. Tamén escaseou o peixe e ninguén quixo ser mariñeiro. Esta ollada ao pasado da Moureira permite só poñer o foco nalgúns dos múltiples e ricos aspectos que a definían e serviron de catalizadores da vida neste barrio e nos que atopamos mulleres como elementos activos, axentes da vida, construtoras de identidade e do cotián do barrio da salmoira.

Grazas a Ramona, Josefa, Marujita e á Asociación de Veciños de San Roque por nos axudar a coñecer o histórico barrio da Moureira.